


Decálogo de supervisión e xestión TEDeC para Alcaldía



Supervisión de expedientes
e documentación

01

A supervisión total en modo consulta da que dispón Alcaldía permite consultar os expedientes que se están tramitando no concello ou se tramitaron en TEdEC no pasado . Pode accederse ao historial de tramitación completo do expediente, o cal inclúe os trámites realizados, as datas de realización ou os tramitadores responsables.

02

Esta supervisión permite tamén consultar toda a documentación que obra no expediente na pestana “Documentos”, cuxas funcionalidades permiten buscar, consultar e ordenar de modo moi sinxelo toda a documentación.

03

Recoméndase facer uso destas supervisións, desbotando traballar con revisións de documentación en papel.

Supervisión
de Rexistro

04

Do mesmo xeito, Alcaldía dispón dunha supervisión de consulta de rexistro, que lle permite consultar os rexistros de entrada e saída do concello tanto presenciais, como de intercambio ou de sede electrónica. Recoméndase realizar de forma periódica (diaria ou semanal) consultas dos rexistros, desbotando revisar listaxes impresas.

Cadro
de Mando

05

TEDeC dispón da funcionalidade “Cadro de Mando” que permite dispor de información sobre o número e características dos expedientes tramitados, e que se irá ampliando en información e recursos. Dado que se trata dunha ferramenta fundamental para a xestión, recoméndase acceder de forma periódica.

Sinatura de
documentación

06

TEDeC permite o envío a sinatura de documentos integrado, polo que Alcaldía pode recibir avisos para acceder ao seu portasinaturas e asinar, revisando previamente a documentación.

07

Recoméndase o acceso periódico a portasinaturas (primeira hora e última hora da mañá, por exemplo) para asegurar unha maior inmediatez nos procesos.

08

Recoméndase facer uso da sinatura en mobilidade, que permitirá asinar mesmo cando Alcaldía non se atopa dispoñible en dependencias municipais.

Impulso da
e-Administración

09

Desde a Alcaldía fomentarase o uso do portal de cargos electos para a posta á disposición de documentación a tratar nos distintos órganos colexiados, e facer uso da necesaria notificación telemática das convocatorias.

10

Corresponde á Alcaldía o impulso de maneira firme para o avance da administración electrónica en todas as áreas e o fomento do coñecemento e o uso da sede electrónica por parte da cidadanía.



Deputación
DA CORUÑA

Concello
Di'ital